


Un dado,

Un exemplo típico e sinxelo é o de deseñar un dado, para iso empregaremos un simple cubo de 40mmx40mmx40mm, ao que lle iremos restando esferas de radio 4mm.

Unha vez realizados os recortes dos números, tan só nos queda biselar o dado mediante a intersección dunha esfera co anterior, a esfera será dun radio de 30mm.



Ampliación

Por personalizar o dado e como ampliación, proba a poñer o teu nome nel.

A partires da sesión de hoxe, poderás descargar o XML do dado da aula virtual, tan só terás que ir a **Project-> Load bloqs from your computer**, escoller o XML e aparecerá o dado.. tan só terás que mudar o nome.


Tamén podes atopar o proxecto buscando “dado” na zona de comunidade no blockscad3d.

Ampliación II. Serás a envexa do teu cole,

Se queres seguir practicando, propóñoche unha nova práctica, que será xerar un pequeno chaveiro de 10cm, o chaveiro é cadrado (30x100) que ten un rebaixe de 2mm tras deixar 4mm de borde.

Ademais terá un burato para poder enganchar o aro das chaves...

Por último poderemos poñer o nome da aula.. e todo nun chaveiro ven grande para que non se perda ;)



Podes descargar este ficheiro en formato XML, en STL e en .gcode xa preparado para a impresora Legio de Leon 3D.